

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0207	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0207_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	3	45	45
MP0207_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA ALONSO ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no ámbito da audiología protésica.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- i) Identificar as normas de calidade e seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais e ambientais, e recoñecer os factores de risco e os parámetros de calidade asociados á produción culinaria, para aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, hixiene e calidade durante todo o proceso produtivo.
- k) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas e crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.
- l) Recoller información e adquirir coñecementos para recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, de cara á innovación e a actualización no ámbito do traballo propio.
- m) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

E as competencias do título:

- i) Aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, hixiene e calidade durante todo o proceso produtivo, para evitar danos ambientais e nas persoas.
- j) Cumprir os obxectivos da produción, actuando consonte os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais adecuadas cos membros do equipo de traballo.
- k) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- l) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- m) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación vixente.

CONTORNO PROFESIONAL

1. Este profesional exerce a súa actividade no sector sanitario público e privado en empresas privadas do sector, en gabinetes audioprotésicos e en prevención de efectos de ruído ambiental

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- ¿ Técnico/a superior en audioprótese.
- ¿ Técnico/a especialista audioprotesista.
- ¿ Técnico/a en elaboración de moldes e protectores auditivos.
- ¿ Técnico/a en medición de nivel sonoro.
- ¿ Audiometrista.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais		8	7
2	A avaliación de riscos profesionais		15	14
3	A xestión da prevención na empresa		9	9
4	Medidas de prevención e protección		13	12
5	O traballo en equipo e a resolución		16	14
6	A relación laboral. O contrato de traballo e o convenio colectivo		20	18
7	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo		10	10
8	A seguridade social como pilar do estado social		10	10
9	A procura de emprego		6	6

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de audioloxía protésica.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación de riscos profesionais	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de audioloxía protésica.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en audioloxía protésica.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en audioloxía protésica.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de audioloxía protésica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de audioloxía protésica.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A xestión da prevención na empresa	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en audioloxía protésica.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O traballo en equipo e a resolución	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en audioloxía protésica e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.5.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de audioloxía protésica segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A relación laboral. O contrato de traballo e o convenio colectivo	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en audioloxía protésica.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.



Contidos

Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.7.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A seguridade social como pilar do estado social	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura de emprego	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en audioloxía protésica.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.9.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en audioloxía protésica.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en audioloxía protésica.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales en cada UD, en concreto:

UF1: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego

- Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
 - Distinguíronse as técnicas de comunicación nos equipos de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
 - Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
 - Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
 - Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
 - Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
 - Recoñeceronse as principais modalidades de contratación.
 - Identificáronse os dereitos e obrigas básicas do traballador.
 - Identificáronse os dereitos do traballador en materia de xornada e salarios.
 - Identificáronse as circunstancias nas que se pode reducir a xornada ordinaria de traballo para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
 - Identificáronse os elementos definitorios do recibo de salarios.
 - Calculouse unha nómina sinxela, calculando a retribución total, as bases de cotización, os descontos de seguridade social e IRPF a cargo do traballador e o líquido a percibir.
 - Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
 - Calculouse a indemnización por despedimento e modificación do contrato en supostos sinxelos.
 - Identificáronse os órganos de representación dos traballadores na empresa.
 - Recoñeceuse que é un sindicato e como se organiza a participación dos mesmos nas empresas.
 - Identificouse que é un convenio colectivo.
 - Recoñeceronse os distintos tipos de conflitos colectivos: a folga e o peche patronal, e o procedemento a seguir para a súa convocatoria.
 - Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
 - Relacionáronse cales son as obrigas da empresa coa Seguridade Social.
 - Determináronse as bases e cotas de cotización da persoa traballadora en supostos sinxelos.
 - Determináronse as bases e cotas de cotización da empresa en supostos sinxelos.
 - Distínguese entre prestación contributiva e non contributiva.
 - Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
 - Calculouse unha prestación sinxela de incapacidade temporal común e profesional.
 - Calculouse unha prestación sinxela de maternidade e paternidade.
 - Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
 - Coñeceronse as técnicas e instrumentos de búsqueda de emprego.
 - Identificáronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
- UF2: Prevención de Riscos laborais
- Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
 - Coñeceronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da

maternidade e a lactación, e de menores.

- Coñeceronse os dereitos e obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
- Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo.
- Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo.
- Definiuse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa.
- Coñeceuse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificáronse as medidas de prevención asociadas a cada tipo de risco.

Criterios de cualificación:

1. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. A cualificación final do módulo será a nota media das diferentes notas obtidas nas avaliacións parciais. A cualificación, será numérica, sen decimais, redondeándose por exceso ou defecto.

En todo caso a cualificación de cada resultado de aprendizaxe virá dada polas puntuacións obtidas utilizando para elo os instrumentos de avaliación que se sinalan en cada criterio de avaliación. Considerarase que o alumno/a superou o resultado se obtén unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos.

O profesor pode decidir agrupar varios resultados de aprendizaxe e unir os RA asociados a prevención de riscos laborais e os RA asociados a dereito do traballo e da seguridade social para avalialos. A estes efectos considerase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado e os restantes resultados de aprendizaxe da unidade formativa de equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego outro.

O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exigible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe, polo que o alumno/a que non realice positivamente algunha proba/actividade/traballo proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

A cualificación por trimestre calcularase como a media ponderada de:

- Seguimento das actividades de aula e análise de traballos individuais ou en grupo (poden ser actividades ou casos prácticos a resolver de forma individual, por parellas ou equipos de traballo): considerando a claridade, orde, dominio dos contidos, calidade, participación no traballo de equipo.... Tipo de cualificación: apto/non apto. Ponderación na nota: ata o 30%.
- Realización de probas específicas de coñecemento (poden conter preguntas cortas, exercicios para solucionar, preguntas tipo test ou preguntas verdadeiro/falso): Consistirán nunha ou mais probas obxetivas por avaliación que terán carácter teórico y/o práctico. Entre todas as realizadas no trimestre, calcularase a media aritmética, sempre e cando o alumno obteña como mínimo 5 puntos en cada unha das probas. Ponderación na nota da avaliación: 70%.

Na realización das probas obxetivas poderá usarse calculadora, quedando prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación co exterior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, podera recuperarlal no mes de xunio, a recuperación consistirá nun examen que versará sobre a materia correspondente a dita avaliación para iso programaranse actividades de recuperación/reforzamento

1. Actividades de recuperación/reforzamento/apoio:

- Os alumnos serán avaliados parcialmente en cada trimestre. Se algún alumno/a non supera unha ou varias avaliacións parciais se lle fará unha proba de recuperación despois da avaliación correspondente, cualificación coa que se fará media co outro trimestre.
 - Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final para superar o módulo.
 - Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse exercicios de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, vanse programar actividades de recuperación, tales como:
 - Realización de casos prácticos.
 - Traballos individualizados.
 - As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
 - Todo elo de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.
2. No suposto de que se pase de curso co módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período de realización, temporalización e data en que serán avaliados, e que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. No caso de que a dispoñibilidade horaria do centro o permita, faranse actividades de recuperación presenciais.
3. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva/traballo. Para superalo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O alumno/a será orientado previamente sobre a forma de realizar dita proba que consistirá nunha proba obxetiva teórico-práctica achega dos criterios de avaliación do módulo considerados mínimos exixibles para a adquisición da avaliación positiva. A cualificación será numérica entre 1 e 10 puntos, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.
- O instrumento que se empregará para avaliar a estes alumnos é a proba denominada Proba Final Extraordinaria, e que consta a súa vez de dúas probas:
- Proba escrita da Unidade formativa 1: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego: incluírá diversas preguntas tipo test da materia, xunto con casos prácticos a resolver, no que se incluírán exercicios de cálculo numérico. Será necesario alcanzar 5 puntos sobre 10 para superar positivamente esta parte.
 - Proba escrita da Unidade formativa 2: prevención de riscos laborais: incluírá diversas preguntas tipo test da materia, xunto con casos prácticos a resolver. Será necesario alcanzar 5 puntos sobre 10 para superar positivamente esta parte.
- Os criterios de avaliación neste caso son:
- Os considerados mínimos exixibles para a adquisición da avaliación positiva.
 - Interese amosado ao longo do curso cara a o módulo e o grupo, así coma a preocupación solicitando atención en horas de titoría ou por medio do correo electrónico.
 - A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL. De tal maneira, que se non se supera positivamente a proba referida a UF 1, xa non se calificará a proba referida a UF 2.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase periódicamente comprobando si se cumpren os prazos establecidos.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.
- Metodoloxía empregada.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma coa finalidade de comprobar a eficacia e validez desta proposta curricular, así como establecer modificacións de mellora de cara o vindeiro curso. Para a elaboración desta programación partiuse dunha avaliación inicial: tendo en conta a información previa do alumnado ao que vai dirixida, o centro, o currículo do ciclo, o calendario escolar para este curso, os recursos e os medios dispoñibles.

A avaliación levarase a cabo de xeito continuo e simultáneo respecto a súa posta en práctica o que permitirá a modificación da programación no momento en que se detecte a necesidade de axustarse a realidade da aula e do grupo. Con carácter mensual farase constar nas actas do departamento a valoración do seguimento da programación. O seguimento reflectirase na aplicación informática web da xestión de programacións. Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o auste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación.

A práctica docente avaliarase a través dun cuestionario que cumprimentarán os alumnos e alumnas, de forma anónima, ao finalizar o curso no que podrán expresar as súas opinións sobre posibles melloras a introducir en aspectos relacionados ca metodoloxía e aspectos relativos a docencia, técnicas de avaliación, formas de traballo na aula.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora facilitará ao alumnado un cuestionario con preguntas abertas sobre aspectos xerais relacionados co módulo, e motivacións para facelo. Trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado. Por isto, concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Co obxectivo de conseguilo, as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborarase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. Estas medidas poden consistir con carácter xeral en:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.
- Para os alumnos que o precisen, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades.

- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso neste módulo atenderase, polos seus propios contidos, ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa educación en valores.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A responsabilidade social e individual.

- Educación para a igualdade: Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e trascendencia que este asunto ten no mundo da empresa. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático.

- Educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenrolo profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias, realizaranse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

- Charla e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios. - Simulacro de evacuación do instituto.

_Charla específica sobre riscos en laboratorios e/ou na súa especialidade de Ciclo.

Actividades extraescolares:

- Posibilidade de asistir a Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

- Posibilidade de asistir a un Xuízo de temática laboral como o que estamos a dar na parte laboral de FOL, contratos, despidos, indemnizacións...